

Fabrice Corrons

Investigador, profesor da Université Toulouse Jean Jaurès

CURVA ESPAÑA, Unha obra intelixente, honesta e afouta.

<https://twitter.com/FCorrns/status/1154855505615101952>

Intelixente porque amosa un xogo sobre ficción e realidade, teatro e cine, pasando do coñecido teatro documento á retrospectiva en directo dun documental teatral.

Curva España continúa e supera as experiencias de hibridación feitas coa triloxía Citizen, Eurozone e Eroski Paraíso. Xa non nos atopamos co referente do cinema coma base da extrapolación escénica (Citizen + Eurozone), o que era unha sorte de drama postcinematográfico. Xa non nos situamos na convivencia do teatro e do cine nun proceso concomitante de montaxe da ficción, en Eroski Paraíso, o que tamén podería considerarse coma un teatro do making-off (unha renovación, á galega e có cine, do concepto da obra "Noises off" de Michael Frayn). Agora, con CURVA ESPAÑA, asistimos, un pouco coma coas obras da catalá Agrupación SeñorSerrano, a retrospectiva en directo dun documental teatral.

Paréceme unha manifestación innovadora do "cine expandido" que pescuda as ligazóns entre storytelling (as lendas), nación e estado.

Cómpre salientar o alto grao de HONESTIDADE desta obra metadiscursiva, desde o respecto, malia a sutil montaxe, polas tstemuñas, ata unha brillante proposta de autoficción.

Os planos recorrentes sobre as mans dos testemuños e dos actores, da mesma forma que a presenza no escenario das realizadoras audiovisuais, ou tamen a escena de creación en directo dunha cápsula YouTube, insisten na conciencia(ción) da incontestable manipulación de todo

Curva España é unha declaración de intencións AFOUTA sobre un cuarto poder aquí convertido en "quinta parede" da pantalla para asumirmos a posible e constatada perversión dos medios de comunicación que son un aparato represivo do estado.

Moitas grazas, Chévere!